



# PLAN DE CONTINXENCIA

CEIP SANTO ANDRÉ DE XEVE

**CURSO 2021/22**



## ÍNDICE

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHOS .....	2
ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL .....	4
HORARIO ESPELLO PARA O PERIODO DE EDUCACIÓN NON PRESENCIAL EN 3º, 4º, 5º E 6º DE EP .....	6
EDUCACIÓN NON PRESENCIAL NA ETAPA DE EI, 1º E 2º DE EP .....	<b>¡Error!</b>
<b>Marcador no definido.</b>	
MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL .....	11



O Plan de Continxencia do CEIP Santo André de Xeve ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nunha aula ou etapa educativa.

## ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHOS

Todos os membros da comunidade educativa deben comprometerse antes de acudir ao colexio a facer a ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19.

- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de Covid-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de Covid-19. Tampouco acudirán aos centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
- Diante dun suposto no que un adulto ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: "Guía de actuación ante la aparición de casos de Covid-19 en centros educativos", e das Instrucións publicadas o día 10 de setembro polo Ministerio de Sanidade. En virtude das mesmas: Levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado de acordo coas pautas establecidas no ANEXO III: MODELO DE DOCUMENTO "PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a abandonara o seu centro de traballo protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro educativo incluírá á rede de contactos a través da aplicación "EduCovid" para a identificación por parte da Autoridade Sanitaria.
- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como dos que sexan contacto máis próximos que estean vencellados ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.
- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica. Tras a aparición dun caso confirmado da Covid-19 seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.



- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na "Guía de actuación ante la aparición de casos de Covid-19 en centros educativos", e o "Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 no ámbito educativo de Galicia", cos seguintes supostos:
  - Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera persoa do centro que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia de menos de 2 metros (<2m) do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara, os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.
  - As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán obriga de illamento durante 10 días. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán permanecer en corentena ata que obteñan o resultado negativo da PCR que se solicitará transcorridos 10 días do último contacto co caso confirmado. Se, polo motivo que fose, pasan 14 días do último contacto co caso confirmado e non se realiza a PCR, a corentena finalizará igualmente. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselles unha proba de Covid nun prazo no superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por Covid-19.
  - En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.
  -
- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.
- Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.



## ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

- a) O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través de videoconferencias usando a plataforma ofertada pola Xunta de Galicia e a Aula Virtual de cada grupo ou a través da plataforma E-dixgal en 5º e 6º. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería.

O/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

### **Plataforma de videoconferencias institucional**

Modo de traballo do profesorado:

- Será o titor/a quen organice as videoconferencias e se encargará do control de asistencia.
- O alumnado, dende 3º a 6º, conectarase diariamente co titor e co profesorado especialista conforme ao horario establecido no ensino presencial.
- Cada mestre/a impartirá e explicará os contidos da súa área avanzando na materia.
- Tanto contidos, tarefas e actividades se subirán a Aula Virtual / E-Dixgal.
- Todo o profesorado deberá ter activado un servizo de mensaxería/ correo electrónico para que as familias se poñan en contacto se fora necesario.
- Facilitaranse videotitorais para que as familias sexan quen de conectarse ás aplicacións ou as plataformas empregadas.

### **Aula Virtual**

Modo de traballo do profesorado:

- Subirá vídeos explicativos ou un pequeno texto explicando o traballo a realizar.
- Proporará actividades como realización de traballos escritos, actividades das diferentes editoriais, presentacións, vídeos adaptadas ao nivel do alumnado.
- Nos cursos, a partir de 3º de E.P. á cuestionarios sobre os temas traballados.
- Utilizará actividades de reforzo do repositorio Abalar e outros repositorios.
- Utilizar vídeos relacionados cos temas a traballar (documentais, cancións, titorais...)

No caso de pasar a unha educación non presencial:

- Cada mañá se porán en aberto as actividades a realizar. E.I. fará unha proposta semanal.
- Unha vez que o alumnado realice a tarefa, a actividade a enviará a través da aula virtual.



**CEIP SANTO ANDRÉ DE XEVE**

- A partir de 3º E.P. o profesorado devolverá a tarefa, o documento, a actividade, ... corrixida coas anotacións que estime oportuno, ou recomendando un novo envío da tarefa.
- Utilizarase o calendario para marcar as entregas das actividades propostas que así o precisen.

**Edixgal:**

Modo de traballo do profesorado:

- O profesorado porá en aberto o tema a traballar.
- Marcará as actividades a realizar.
- Proporará actividades como realización de traballos escritos, presentacións, vídeos...
- Creará cuestionarios sobre os temas traballados para que os realice o alumnado.
- Utilizará actividades de reforzo do repositorio Abalar e doutros repositorios.
- Utilizará vídeos relacionados cos temas a traballar (documentais, cancións, tutoriais...)
- Empregará o editor de imaxes.

No caso de pasar a unha educación non presencial todo o alumnado E-Dixgal levará o equipo á casa e os demais tamén levarán os libros de texto.

- O alumando accederá aos temas en offline/offline durante a educación non presencial.
- Cada mañá terán en aberto as actividades a realizar.
- Estará aberto o foro e a mensaxería para solucionar as dúbidas.
- Unha vez que o alumnado realice a tarefa (en diferentes formatos) a enviará para a súa corrección.
- O profesorado devolverá a tarefa corrixida coas anotacións que estime oportunas, ou recomendando un novo envío da tarefa.
- Utilizarase o calendario para marcar as entregas das actividades propostas.

**Formación das familias:**

Dentro da web haberá un curso "Formación para as familias" para que estas poidan consultar os diferentes manuais sobre o funcionamento de Abalar Móbil, Aula Virtual, Edixgal e Videoconferencias. Asemade, se explicará o funcionamento da aula virtual, da plataforma Edixgal e outras dúbidas que poidan xurdir na primeira xuntanza cos país/nais nos meses de setembro e outubro.

**Comunicación co alumnado durante a actividade lectiva non presencial:  
Alumnado de Infantil e de Primaria (ata 4º)**

- Utilizaremos a mensaxería da aula virtual para comunicarnos co alumnado.
- Tamén se utilizarán os foros para solucionar dúbidas.



**CEIP SANTO ANDRÉ DE XEVE**

- Realizaremos videoconferencias.
- As tarefas realizadas, unha vez corrixidas, poderán ser devoltas ao alumando coas anotacións pertinentes.

**Alumnado Edixgal**

- Utilizaremos a mensaxería Edixgal para comunicarnos co alumnado.
  - Realizaremos videoconferencias.
  - As tarefas realizadas serán devoltas ao alumando unha vez corrixidas coas anotacións pertinentes.
- b) O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos. Os primeiros días de clase enviarase ás familias unha folla cunha enquisa para identificar a este alumnado.
- c) Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
- d) Durante o período de suspensión da actividade presencial o Centro educativo ten previstas as seguintes medidas:
- Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia con Abalar Móbil, correo electrónico, mensaxería E-dixgal, mensaxería da aula virtual ou videoconferencia. Empregaranse os medios corporativos da Consellería para cumprir a Lei de Protección de Datos vixente e garantir a unificación a nivel de centro.
  - Actualizar a aula virtual dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
  - Realizar tarefas de desinfección profundas no centro a través da empresa de limpeza dependente do Concello.
  - Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.
  - Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases.

## HORARIO ESPELLO PARA O PERIODO DE EDUCACIÓN NON PRESENCIAL EN E. PRIMARIA

De acordo ao Plan de Ensino Virtual ante a COVID-19 impulsado pola Xunta de Galicia desenvolvemos o seguinte horario espello para levar a cabo en caso de corentena dunha aula ou confinamento total do noso centro educativo.

Neste horario se respectará o horario de cada un dos grupos para favorecer que o profesorado poida compatibilizar a ensinanza presencial coa non presencial e tendo en conta a carga lectiva de cada unha das áreas.

Deste xeito a duración de cada unha das sesións do ensino non presencial será de 30 minutos máximo. O alumnado adicará o tempo restante da sesión ao traballo persoal da materia, a espera do seguinte tempo de docencia virtual. Será o/a titor/a o/a encargado/a de organizar diariamente as videoconferencias nas que



incluirá ao resto de profesorado que imparte clase na súa titoría. O traballo individual do alumnado estará accesible a través da Aula Virtual / E-Dixgal dependendo o curso.

O alumnado con apoio dos especialistas de P.T. e A. L. levará a cabo atención personalizada no tempo de traballo persoal, despois da docencia.

Con respecto ao horario de atención ás familias este seguirase desenvolvendo os martes pola tarde de 17:55 a 18:45 horas, previa cita por servizo de mensaxería ou chamada telefónica.

**HORARIO ESPELLO EN E. PRIMARIA PARA O PERIODO DE EDUCACIÓN NON PRESENCIAL**

	HORARIO ESPELLO 1º E.P.				
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:45/09:15	Matemáticas	C. Sociais	C. Sociais	C. Sociais	Matemáticas
09:35/10:05	L. Castelá	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Inglés
10:25/10:55	E.F.	L. Castelá	L. Castelá	L. Galega	L. Castelá
RECREO TEMPO LER					
12:05/12:35	Rel./Val.	C. Naturais	L. Galega	C. Naturais	L. Galega
12:55/13:25	Música	L. Galega	Inglés	Plástica	E.F.





	HORARIO ESPELLO 2º E.P.				
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:45/09:15	Rel./Val.	Matemáticas	Matemáticas	Inglés	L. Castelá
09:35/10:05	Matemáticas	Matemáticas	L. Castelá	L. Galega	L. Castelá
10:25/10:55	Matemáticas	L. Galega	L. Castelá	L. Galega	E.F.
RECREO TEMPO LER					
12:05/12:35	C. Sociais	L. Galega	E.F.	Música	C. Naturais
12:55/13:25	C. Sociais	Inglés	Rel./Val.	C. Naturais	Plástica

	HORARIO ESPELLO 3º E.P.				
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:45/09:15	Matemáticas	L. Castelá	Inglés	Matemáticas	Matemáticas
09:35/10:05	L. Galega	E.F.	Matemáticas	Inglés	L. Galega
10:25/10:55	C. Sociais	C. Sociais	Rel./Val.	L. Castelá	Música
RECREO TEMPO LER					
12:05/12:35	Inglés	Pástica	L. Castelá	C. Naturais	E.F.
12:55/13:25	L. Castelá	C. Naturais	L. Galega	L. Galega	C. Sociais



	HORARIO ESPELLO 4º E.P.				
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:45/09:15	Matemáticas	L. Castelá	L. Galega	Música	Matemáticas
09:35/10:05	Inglés	Matemáticas	L. Castelá	L. Castelá	E.F.
10:25/10:55	L. Castelá	C. Sociais	Matemáticas	Inglés	Afondamentos
RECREO TEMPO LER					
12:05/12:35	L. Galega	Inglés	C. Naturais	L. Galega	L. Galega
12:55/13:25	Rel./Val.	Plástica	E.F.	C. Sociais	C. Naturais

	HORARIO ESPELLO 5º E.P.				
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:45/09:15	Inglés	Música	Matemáticas	Matemáticas	L. Galega
09:35/10:05	Matemáticas	L. Castelá	L. Galega	Matemáticas	L. Galega
10:25/10:55	Rel./Val.	L. Castelá	L. Galega	E.F.	Inglés
RECREO TEMPO LER					
12:05/12:35	Matemáticas	C. Sociais	Inglés	L. Castelá	C. Naturais
12:55/13:25	E.F.	C. Sociais	Plástica	L. Castelá	C. Naturais



	HORARIO ESPELLO 6º E.P.				
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:45/09:15	Matemáticas	C. Naturais	C. Sociais	C. Naturais	L. Galega
09:35/10:05	Rel./Val.	Afondamentos	L. Galega	Matemáticas	Matemáticas
10:25/10:55	Inglés	E.F.	Inglés	L. Galega	C. Sociais
RECREO TEMPO LER					
12:05/12:35	Música	Matemáticas	L. Castelá	Plástica	L. Castelá
12:55/13:25	C. Sociais	L. Castelá	Matemáticas	E.F.	Inglés

## EDUCACIÓN NON PRESENCIAL NA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL

Debido a idade e a pouca autonomía do alumnado nestes cursos non se seguirá un horario espello pero si se realizarán diariamente videoconferencias entre profesorado, alumnado e familias para manter o contacto entre o grupo, explicar as tarefas/ proxectos a levar a cabo (de maneira globalizada), e que estarán previamente subidas a Aula Virtual. A metodoloxía se adecuará para que haxa continuidade empregada na escola..

**O horario das videoconferencias se realizará das 11:00 horas**, será o/a titor/a quen organice a videoconferencia e faga chegar o enlace tanto as familias como aos especialistas.

Asemade o Departamento de Orientación fará un seguimento do alumnado de apoio e de 12:30 a 13:00 se levará a cabo atención personalizada.

Con respecto ao horario de atención ás familias este seguirase desenvolvendo os martes pola tarde de 17:55 a 18:45 horas, previa cita por servizo de mensaxería ou chamada telefónica.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP SANTO ANDRÉ DE XEVE**

Sobral 26

36150 Pontevedra

Telef. e Fax. 886151905

[ceip.santoandre.xeve@edu.xunta.es](mailto:ceip.santoandre.xeve@edu.xunta.es)

[centros.edu.xunta.es/ceipsantoandredexeve](http://centros.edu.xunta.es/ceipsantoandredexeve)

## MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.